

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 230607

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000796

De acordo co decreto da alcaldía núm. 850/2021 de data 1 de xullo de 2021, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto luns de cada mes ás 9:00 horas (nove da mañá). Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo da alcaldesa poderá este alterar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local un día distinto da semana e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias, e tendo lugar as eleccións municipais o domingo 28 de maio de 2023, adiántase a celebración da sesión ordinaria.

Enterada da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

## RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **7 DE XUÑO DE 2023 (MÉRCORES)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, no **Salón de Plenos da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

| ASUNTO/S                                                                                                                                                                                                                                           |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES</b><br>- ORDINARIA núm. 2023/10, do 23 de maio de 2023                                                                                                                                               |
| <b>2.- LICENZAS DE OBRA.</b>                                                                                                                                                                                                                       |
| <b>a)</b> Expediente nº: 2023/U022/000001<br>Promotor: Cristina Pena Barreiro<br>Obra: "ACONDICIONAMIENTO INTERIOR DE PISO". Planta 1ª.<br>Situación: Rúa Lugo s/n.<br>Licenza de obra nº: 24/23                                                   |
| <b>b)</b> Expediente nº: 2023/U022/000006<br>Promotor: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA<br>Obra: "REORDENACIÓN BAJA TENSIÓN RBT CT 15AGL8 (TRABA) (SANTA COMBA)" con SGD: 618520059005.<br>Situación: Traba. Boimente<br>Licenza de obra nº: 25/23 |
| <b>c)</b> Expediente nº: 2022/U022/000028<br>Promotor: Julio García Grille<br>Obra: Construción de vivenda unifamiliar<br>Situación: Barbeira. Fontecada<br>Licenza de obra nº: 26/23                                                              |
| <b>d)</b> Expediente nº: 2023/U022/000002<br>Promotor: GANADERIA CAPELO S.L.<br>Obra: Construción de almacén agrícola e cubrición de fosa de purín                                                                                                 |

Situación: O Couto, Alón  
Licenza de obra nº: 27/23

### **3.-LICENZA DE SEGREGACIÓN**

EXPEDIENTE Nº: 2023/U018/000006  
Promotor: Josefa Barbeira Gerpe  
Situación: Arantón  
Actuación: Segregación parcela.  
LICENZA Nº: 3S/23

**4.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.**

**5.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.**

**6.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.**

**7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto :

|                                |    |                                                                 |
|--------------------------------|----|-----------------------------------------------------------------|
| MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ    | PP | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL |
| JOSÉ GARCÍA SUÁREZ             | PP | NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL                                   |
| SILVIA CANCELA BLANCO          | PP | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO                                 |
| JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ TORREIRA | PP | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO                                 |
| MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ | PP | NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL                                   |

A acta da sesión ordinaria núm. 2023/10 do 23 de maio de 2023, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 26/05/2023, rexistro de saída núm. 202300000002018/26-05-2023.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa,

María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada